



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: Listaxe de solicitudes admitidas e excluídas para actualizar a bolsa de emprego pública municipal de mestras da escola infantil municipal e nomeamento membros do tribunal de selección

EXPEDIENTE: 2022/G003/000041

Visto o decreto 1089/2021 de data 25 de agosto de 2021 de aprobación de bases e convocatoria para a formación dunha bolsa de emprego público temporal para a substitución de mestres/as da escola infantil municipal (persoal laboral temporal).

Tendo en conta que ao abeiro da base novena "formación e funcionamento da bolsa de emprego activa" se recolle expresamente:

"A bolsa de emprego terá unha duración ilimitada, quedando habilitado o prazo do 1 ao 28 de febreiro de cada ano natural para actualizar os méritos dos/as aspirantes que xa estiveron na bolsa o ano anterior ou para pasar a formar parte dela os/as aspirantes que desexen facelo para ese novo ano. Nese momento publicarase, convocarase ao tribunal, levarase a cabo a actualización de méritos ou a valoración dos novos candidatos.

Os prazos serán os mesmos que os indicados no punto 5. Fóra dese prazo non se poderán actualizar os méritos nin incorporarse aspirantes que desexen facelo de novo. A inclusión na bolsa de emprego non implicará en ningún caso a adquisición da condición de empregado/a público/a, constituíndo unicamente unha expectativa de destino de ser chamado/a para ocupar o correspondente posto de traballo, de acordo co previsto nas presentes bases.

Rematado o prazo habilitado para a presentación de méritos no ano 2023 e consultados os rexistros de entrada pola funcionaria do departamento de recursos humanos, as solicitudes presentadas para a actualización de méritos do 1 ao 28 de febreiro tal e como recollen as bases que regulan a convocatoria, son as seguintes:

-Yohana Rey Sieira con dni ***0898**, presentada o 16/02/2023 (r. entrada 529).

-Yéssica Ferreiro Antelo con dni ***3666** presentada o 28/02/2023 (r. entrada 658)

Considerando: Ás bases xerais aprobadas pola Corporación Municipal por decreto de alcaldía o 25 de agosto de 2021.

O alcalde ostenta a atribución para resolver estas cuestións, ao abeiro do artigo 21.1 da LBRL e demais lexislación.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1.- Admitir as solicitudes e a documentación que se presenta do 1 ao 28 de febreiro para actualizar os méritos do persoal aspirante á bolsa de mestres/as da escola infantil municipal:

Solicitudes admitidas:

Apelidos e nome	Rexistro entrada	DNI
Rey Sieira, Yohana	529 de 16/02/2023	***0898**
Ferreiro Antelo, Yéssica	658 de 28/02/2023	***3666**

Solicitudes excluídas:

Ningúnha

2.- Designar nominativamente aos membros do tribunal cualificador para levar a cabo a actualización de méritos ao abeiro da base 7 que regula o proceso de selección mediante o sistema de concurso.

Presidenta:

-María Allo Parajó, Directora da escola infantil municipal ou persoa que a substitúa.

Vogais:

-Dolores Ramos Lage, mestra da escola infantil municipal ou persoa que a substitúa.

-Herminio Blanco Agra, AEDL do Concello de Santa Comba ou persoa que o substitúa.

-María Jesús Pérez Vila, educadora familiar do Concello de Santa Comba ou persoa que a substitúa.

Secretaria do Tribunal:

-Luz María Vieito Díaz, persoal funcionaria de carreira do Concello de Santa Comba ou persoa que a substitúa.

3.- Publicar a listaxe de solicitudes admitidas e a composición do tribunal cualificador conforme ás bases que regulan o proceso de selección.

4.- Convóquese ao tribunal cualificador para a baremación da documentación das solicitudes presentadas ás 8:30 horas do día 28 de xullo de 2023 na escola infantil municipal.

5.- Dar traslado deste decreto, aos membros designados.

6.- Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que se celebre.

Santa Comba,

O alcalde,

Dou fe, A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada